

## **Convocatoria de axudas para a escolarización curso 2024-25**

### **A. INDICACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- É importante coñecer as "BASES" da convocatoria de axudas
- As solicitudes a través da sede electrónica facilitan a xestión (<https://sede.concellodebrion.gal>)
- As solicitudes presenciais, deben facerse no rexistro auxiliar do Centro Social Polivalente
- **O prazo para a presentación de solicitudes vai dende o 18/07/2024 ata o 30/08/2024 ás 24:00 horas**

### **B. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTARSE SEMPRE COA SOLICITUDE:**

#### **1. ANEXO I – EN IMPRESO ESPECÍFICO DESTA CONVOCATORIA –**

Na composición da unidade de convivencia deben figurar (Base 4):

- Solicitante: pai, nai ou titor/acolledor legal do/a menor/es polo/s que se solicita axuda
- O/A outro/a proxenitor/a ou responsable do/a menor/es (si o/a houbera)
- Cada menor para o que se solicita axuda, indicando idade, curso, centro e "SI" solicita bolsa .
- Outros descendentes convivintes, menores de 25 anos, con ingresos inferiores a 7.200'00 €, ou maiores desta idade incapacitados/as ou con discapacidade igual ou superior ao 65%.
- Sinaturas de todas as persoas maiores de 18 anos (para autorizar comprobación de datos)

#### **2. DOCUMENTACIÓN IDENTIFICATIVA**

- DNI ou documento identificativo da persoa solicitante (pai/nai ou representante).
- Libro de familia COMPLETO acreditativo dos membros da unidade familiar declarada.
- Certificado de conta bancaria para ingreso de axuda.

#### **3. XUSTIFICACIÓN DE INGRESOS**

Non se valorarán as solicitudes que non xustifiquen documentalmente os **INGRESOS** de TODAS AS PERSOAS QUE CONFORMAN A UNIDADE FAMILIAR mediante:

- Copia da declaracións do IRPF do exercicio 2023

- Se non se fixo a declaración do IRPF, presentarase copia do CERTIFICADO NEGATIVO DE FACENDA, acompañado polos xustificantes de ingresos de todo o ano 2023:

- Copia de xustificante de pensións españolas e/ou estranxeiras
  - Copia de xustificantes de prestacións por desemprego ou sociais (Ingreso Mínimo, RISGA, ...)
  - Copia dos xustificantes por pensións de alimentos ou compensatorias (sentencia ou convenio regulador, ou, de non percibirse, copia da solicitude de execución de sentencia por falta de pagamento)
- No suposto de traballadores autónomos, xustificantes de cotizacións á Seguridade Social e acreditación de ingresos no 2023. No suposto de que os ingresos acreditados sexan inferiores á base de cotización, teranse en consideración como ingresos mínimos mensuais o importe da base de cotización á Seguridade Social.
- Soamente no caso de non poder acreditar algún tipo de ingreso coa documentación citada anteriormente, xuntarase declaración responsable (**Anexo II**).

### **C. DOCUMENTOS A ACHEGAR COA SOLICITUDE SÓ PARA ALEGAR CIRCUNSTANCIAS ESPECÍFICAS**

**Non debe achegarse esta documentación se non se van a alegar ou non son avaliáveis as circunstancias que se documentan.**

- No caso de escolarización fora de Brión: xustificación das causas e copia do xustificante de matrícula no centro de estudos Base 5.2)
- No seu caso, copia dos recibos de pagamento de alugueiro ou crédito hipotecario, de xaneiro a decembro de 2023, e documentación xustificativa da non posesión doutros bens inmobles susceptibles de ser usados como vivenda habitual (Base 6.c)
- No seu caso, copia dos xustificantes de ingresos referidos aos meses transcorridos do exercicio 2024, que demostren a minoración respecto dos ingresos medios de 2023 en, como mínimo, un 30% (Base 6.b).
- No seu caso, copia das certificacións de discapacidade (+65%) ou dependencia (grados 2 e 3), ou xustificación das situacións de vítima de violencia de xénero ou monoparentalidade (Base 6.e)

### **D. COMUNICACIÓNS**

Lémbrese que a publicación de listaxe provisional, requirimento de documentación, prazo para alegacións, listaxe definitiva, período para a presentación de facturas xustificativas, ou calquera outros, serán realizadas ao través da páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

### **E. XUSTIFICACIÓN**

Lémbrese que é necesario pedir e conservar FACTURAS OFICIAIS de compra de material escolar e libros de texto, que deberán ser presentados no seu momento aos efectos de xustificación das axudas concedidas (Base 10).